



Confederación Intersindical Galega

[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)

# INFORMA

xaneiro 2009

## AS ACUSACIÓNS DE CCOO CON RESPECTO Á NEGOCIACIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS DO CONSORCIO, ADEMAIS DE FALSAS, SON UNHA OFENSA PARA TODO O PERSOAL DO MESMO E A REPRESENTACIÓN QUE LEGALMENTE ELEXIRON

Diante das informacións aparecidas estes días en distintos medios de comunicación, nas que CCOO cualifica de “clientelar” o proceso de selección de persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a CIG quere manifestar a súa sorpresa e indignación por unhas acusacións totalmente falsas, de suma gravidade e que, ademais de cuestionar unha negociación totalmente legal e transparente e o propio proceso selectivo, teñen unha carga de cinismo tan grande que supomos será froito da típica pataleta e frustración pola escasa representatividade que CCOO acadou logo das eleccións sindicais, obtendo un apoio tan cativo que a converte nunha organización residual entre o persoal do Consorcio.

Desde a CIG queremos desmentir unha por unha esas acusacións, facendo as aclaracións oportunas:

1º) Non é certo que houbera falla de transparencia dado que, logo das eleccións sindicais, e en función da representatividade que delas se derivou, os propios Comités de Empresa Provinciais acordaron por unanimidade ou maioría (contando tamén co voto favorable de representantes de CCOO) emprazar á constitución dunha Mesa de Negociación para afrontar os problemas máis urxentes de negociación, entre eles precisamente o do proceso selectivo. Constituíuse dita Mesa, desenvolvéronse as negociacións (nas que participaron todas as organizacións sindicais, tamén CCOO), chegouse a acordo e este foi ratificado polos Comités de Empresa Provinciais. Como se pode dicir que non contou coa participación da representación dos/as traballadores/as? Non só participaron directamente, senón que, cando menos os da CIG fixérono

dando información puntual e contando coa opinión de todo o persoal.

2º) Aínda que a CIG ten unha representación maioritaria na negociación, froito das eleccións sindicais, as tres organizacións sindicais participaron e puideron presentar e defender as súas propostas na Mesa. De feito, o acordo final foi asinado tamén pola UGT, non sendo un asunto, como se dá a entender, que se negociara fóra da Mesa entre o Consorcio e a CIG exclusivamente como, por certo, adoita facer CCOO en moitos outros casos da negociación colectiva.

3º) Desde o principio da negociación CCOO adoptou unha actitude obstaculizadora, tratando de paralizalo e non explicitando as súas propostas na propia Mesa, limitándose a manifestar que as remitirían ao Consorcio por escrito. Iso si que é falla de transparencia, pois o normal é coñecer e

debater as propostas durante a negociación.

4º) Resulta curioso que CCOO denuncie falla de transparencia, obxectividade e igualdade, cando a única proposta que si explicitaron claramente foi que o proceso fose a través dun Concurso de Méritos que, precisamente por considerar que non sería legal ao non cumprir eses requisitos (hai xurisprudencia ao respecto), foi rexeitada polo resto, que optamos polo sistema de Concurso Oposición ao considerar que reúne todas as garantías legais. En calquera caso, cómpre deixar claro que CCOO nunca fixo ningunha proposta sobre as bases do proceso selectivo que agora critica, por pecharse na proposta inicial do Concurso de Méritos. Alguén considera este método máis transparente, obxectivo e igualitario?

5º) O obxectivo da CIG na negociación foi que, en cumprimento da legalidade vixente e dos requisitos antes explica-

dos, se facilitara a consolidación no seu posto de traballo a todo o persoal que está na situación de eventual, A PESAR DE TER SUPERADO XA UN PROCESO SELECTIVO OBXECTIVO. E coidamos que se dan estas dúas condicións, por iso asinamos o acordo.

5º) Fanse acusacións de intransixencia, cando se alguén se mostrou intransixente foi precisamente CCOO, non expoñendo con claridade na Mesa as súas propostas, renunciando desde o principio á negociación e supeditando o seu acordo final á aceptación das propostas que, segundo manifestaron na última reunión, enviarían por escrito. Isto si que é democrático, que unha organización minoritaria intente impor as súas condicións ao resto.

6º) Consideramos que CCOO deixouse levar máis polas súas fobias político-sindicais que por exercer a escasa representación que parte dos traballadores e traballadoras

lle deron para que defender os seus dereitos e intereses. Con esta actitude o único que está a facer CCOO é poñer en tela de xuízo, xa non o proceso, senón a lexitimidade do seu resultado e, polo tanto, do posto de traballo de todas aquelas persoas que o acaden.

Coidamos que desde a CIG actuamos desde o principio coa máxima responsabilidade, defendendo os intereses dos traballadores e traballadoras, tratando de consolidar os seus postos de traballo, dentro do cumprimento da legalidade. Seguiremos loitando para acadar as outras demandas pendentes, a máis urxente é a negociación dun Convenio que regule e mellore as súas condicións laborais e salariais. Mentres outros, seguramente optarán por seguir facendo demagogia e cinismo sindical que en nada beneficia ao colectivo nin á clase traballadora.

## Os nosos locais

### Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
Santiago de Compostela. cp.15706.  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
santiago@cig-ensino.com

### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.com

### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.com

### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.com

### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.com

### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.com

### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4ºD  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.com

### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.com

### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.com

### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.com

### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.com

### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.com